

CATRO CONTOS MÍTICOS

O ACORDO DOS CUCOS E DOS PETOS

Todo o mundo sabe que os cucos non fan niños, non chocan os ovos, nin procuran a mantenza das crías. Pero houbo unha época no pasado que ninguén lembra na que arranxaron esta eiva por medio dun acordo que asinaron cos petos. Daquela os petos aniñaban no chan coma as perdices e as gaivotas, e pasaban moitos traballiños para acomedar os polos. Había anos en que a comida escaseaba tanto que moitos paxaros non lograban sacar adiante ningunha cría. Non obstante, os cucos nunca pasaban fame, pois eran os únicos paxaros que sabían atopar nas follas dos carballos unhas verrugas carnosas que gardaban un verme dentro. Por iso esas gorduras das follas chámanse mazás de cuco, e cómpre non confundilas cos bugallos, que non se comen. Daquela había tantos carballos que aos cucos nunca lles faltaba alimento, era como se tivesen unha grande despensa de olivas recheas. Os cucos eran moi celosos do segredo e non o compartían con ninguén.

Chegou un ano de moita escaseza; tódolos paxaros estaban delgadiños e famentos pero os cucos seguían gordos e vizosos. Porén, os seu pitos, criados en niños alleos, morrían de fame igual ca o resto das niñadas. Foi entón cando decidiron de xuntarse cos petos e colaboraren na crianza en común da descendencia. O compromiso foi redactado con tinta de lura nunha tona de bidueiro, por ser casca que non podrece. Acordaron que a partir daquela a parella de petos farían dous niños, nun incubarían os ovos propios e no outro os ovos dos cucos. Pola súa banda os cucos comprometíanse a levarlles aos coidadores e aos pitos cantas mazás cucas precisasen sen deixalos pasar ren de fame.

Mantívose o acordo durante moitos anos con grande proveito para ámbolos dous paxaros. As niñadas saían todas adiante e as fragas íanse poboando cada ano de máis cucos e petos.

Co paso do tempo aos cucos déuselles por pensar que quen máis beneficio sacaba do convenio eran os petos, pois botaban a meirande parte do tempo deitados mentres eles non paraban de carrexar comida. Aproveitou este intre o raposo, achegóuselle ó representante dos cucos e díxolle:

—Sr. Martiño¹, paréceme que non é bicoca ningunha o acordo que tedes cos petos. Os petos poñen máis ovos ca vós e cada vez hai máis petos que cucos. De seguir así chegará o día en que non deades feito levando comida, e daquela, se algún pito vai pasar fame van ser os vosos porque os petos primeiro vanlle dar aos seus fillos. Se vós queredes dicirnos onde é que aniñan, nós iríamos aló e comeríamos tan só o niño dos petos. Desta maneira rematará por haber máis cucos ca petos e seravos o traballo máis doado.

Os cucos fixéronlle caso ao raposo e enganaron aos petos. Poucas eran as niñadas de peto que non finaban na boca do raposo, así que segundo pasaba o tempo

¹ Todo mundo sabe como aos cucos lles gusta que os traten de señor, e de tódolos nomes cantos hai o que máis agradecen é o de Martiño.

había cada vez máis e máis cucos entre os que repartir o traballo de levar a comida e os petos tiñan que coidar dun niño de cuco cada vez máis grade e con máis crías.

Pero como todo se acaba sabendo, os petos decatáronse da traizón dos cucos e ese día racharon o acordo. A partir de entón os cucos tiveron que ir polos niños alleos deixando os ovos sen que os visen, pois ningún outro paxaro quixo facer trato con eles. Os petos, para ceibarse do raposo que aprendera o xeito de dar con eles, deixaron o chan ao abeiro dos carballos e aprenderon a furar as árbores co peteiro para aniñar dentro do toro deixando só un burato polo que o raposo non colle.

E dende aquela segue sendo así.

LENDA Nº4 DO FRADE DOMINICO

Os papeis que deixou o finado de Evencio tratan de moitas cousas. Unha parte deles, para min os máis interesantes, son os que transcriben ou comentan os documentos que había no pazo de Sixtomil, aos que el tivera acceso antes de que se queimaran naquel incendio provocado. Seica entre eles había unha recompilación de lendas, que Evencio atribuíu a un frade dominico residente na comarca de Bergantiños a finais do mil trescentos. É curioso que ningunha das lendas que Evencio transcribiu fose recollida por algún folclorista actual, o cal nos indica que a transmisión oral das mesmas interrompeuse por algunha razón que non sabemos. A sinalada co número 4, carente de título, transcribiuna Evencio da seguinte maneira:

«Naquel tempo pasado, do que falan os contos, había nas rías da Galiza un peixe alongado, lampreeiro, sen aletas nin escamas. Semellaba un congro pequeno ou unha anguía, con pel frouxa e avellada de farrapo. Pola banda do ventre tiña unhas ventosas que lle servían para pegarse a canto pau ou cortiza aboiaba pola ría. Alí pegados deixábanse levar polas correntes e mareas, alimentándose cos bechos que se lle achegaban cansos de voar buscando un pousadoiro, ou os que xa caeran rendidos e flotaban mortos na inmensa tona da auga. Malia que era un peixe feo tiña unha carne branca, suave e sen espiñas que o convertía no manxar máis apreciado desta terra. Os días de festa a xente xuntábase para comelos e ofrecíanllos aos forasteiros e viaxantes como mostra de hospitalidade».

«Din os contos, que na costa de Galiza puxera o Creador oito variedades daquel peixe, que correspondían coas oito rías onde vivían. En cada unha eran coñecidos por un nome distinto: *lerpios* na ría de Vigo; *larmios* na de Pontevedra; na de Arousa, *barteiros*; na de Muros, *trinchos*; nas de Betanzos e Ferrol, *teirallos*; na de Ortigueira, *rolabecas*, e *cureses* na de Ribadeo».

«Co tempo medraron discusións e conflitos. Cada grupo só quería comer os seus e rexeitaba os que procedían doutra ría. Noutro, cando nunha ría se pescaban moitos, viñan festeiros da veciñanza a compartir o banquete. Tamén se mandaban secos e salgados coma agasallo, recoñecemento ou gratitude. Pero dende que agromaron os bandos e as rivalidades, a xente foise separando ata quedar Galiza dividida en oito grupos apartadizos. Dicían que o peor fora nas terras do interior, pois alí, por non teren ría, cada un escollía a que mellor lle parecía, e por veces, había familias onde cada membro era partidario dun peixe distinto e turraba para si. As xuntanzas e a convivencia esmorecían, e pouco a pouco Galiza foise volvendo un lugar triste e tuzaro».

«Un día aconteceu un fenómeno abraiante do que se falou moito tempo en todo o país e despois foise esquecendo. Son moi poucos os que hoxe recordan esta historia con tanto detalle como a min me contou un mariñeiro de Malpica durante a viaxe evanxelizadora que o convento fixo no verán de mil trescentos noventa e seis. Todos aqueles peixes tan apreciados fuxiron das rías e saíron ao mar bravo. Os do Norte nadaron cara o Sur e os das Rías Baixas colleron rumbo Norte. Seica se atoparon todos en Fisterra. O mar diante da Punta Arnela burbullaba coma se fervece de tanto peixe que alí había. E foi entón cando aconteceu o *milagre*. Xuntáronse en grupos de oito, un de cada ría, uníronse polo bico e fundíronse nun só animal: O POLBO. Dende aquela habitaron toda a costa e espalláronse polo mundo. Os galegos volveron a pescalos e comelos con ledicia. Déronnos a todos unha lección que cómpre non esquecer».

A EVOLUCIÓN DOS MORCEGOS

Tódolos animais evolucionaron uns a partir dos outros, tomando as formas e xeitos que mellor lles conviñan. Os ratos, coma as outras especies, tamén se adaptaron ao seu medio e necesidades, volvéndose animais terrestres, moradores de buratos e tobos e con boa vista e olfacto para atopar a comida que precisaban.

De entre tódalas razas de ratos houbo unha que non se conformou coa súa situación e considerouna moi limitada comparada coas posibilidades dos paxaros. Foi entón cando decidiron forza-la evolución e crear mediante un acto de vontade as ás que o destino non lles dera.

Primeiro intentaron fabricalas, pero a solución non lles gustou porque tiñan que estar sempre amañando nelas e nunca lles deron o resultado que esperaban.

Decidiron despois comezar a estirar coas patas de adiante o pelello das illargas. Andaron polo chan moito tempo turrando do coiro ata que os fillos naceron con perfebas de pel colgando polos costados. A partir daquela comezaron a coserlle a tódolos novos nados as patas ao pelgacho colgante. Desta maneira tiñan que andar só coas patas de atrás e estaban sempre caendo de fociños. Como cando caían intentaba botar as mans, con cada tombo que levaban ían estirando máis e máis o pelico ata que lles quedou unha pel fina sen pelo coma unha goma, e o nariz fóiselles achatando de tantas morradas. Despois de varias xeracións xa as mans e o pelello das illargas facían unha soa peza, unhas ás de pel amortecida, coma goma, e foi daquela cando comezaron a voar.

Como non tiñan moita confianza nas alturas botáronse a voar moi baixiño, a rentes do chan. Andando o tempo foron tomando máis altura, pero nunca chegaron a elevarse moito nin a dominar ben as técnicas do voo. O resto dos paxaros a velos tan inseguros e con movementos tan torpes comezaron a rirse deles e a dicirlles que mellor tivera sido quedar no chan. Pero, ademais das burlas dos paxaros apareceulles un contratempo inesperado: os falcóns e lagarteiras que sempre comeran ratos, non paraban de dar caza a tan malos voadores. En vista de tantos problemas decidiron voar só pola noite, cando ninguén os vise. Con esa especie de ás que tiñan xa non podían facer buratos no chan nin roubar o gran das colleitas, de maneira que tiveron que deixar os tobos, meterse en covas e furnas xa escavadas, e alimentarse só de mosquitos, que había abondo. A partir de agora perderon totalmente a relación cos outro ratos, que nunca aceptaron de bo grao esa idea tola de que algúns dos seus se botasen a voar.

Como só saían de noite foron perdendo a capacidade de ver polo día e co tempo ficaron cegos. Entón deixaron de consideralos ratos voadores e chamáronos morcegos, porque tiñan as ás “mortas” e os ollos “cegos”.

OS FIGOS DE SAN PEDRO

Entre as moitas anécdotas, relatos e andrómenas que escoitei de Manuel Durán, figura un curioso milagre de Cristo que circula por terras galegas coma mito botánico e haxiografía popular. Ten unha evidente orixe apócrifa, pero comparte motivo e espírito con outras pasaxes das Escrituras. A consideración que Cristo tivo das árbores semella un chisco interesada, polo menos, así a transcribiron os evanxelistas ós que se lle atribúe a dubidosa crónica da súa biografía.

Andando (para algúns deambulado) Cristo e San Pedro polas secas e baleiras lombas de Palestina, atopáronse cunha figueira con froitos. Cóntase que San Pedro era un gran amante dos figos. As floridas entrañas rosadas, a pinga de mel que deitan polo embigo cando están maduros e seguramente a fame resignada do camiñante eran motivos de abondo para deixarse vencer pola gula como antes se deixara arrastrar polo viño. Comeu sen cordura ata sentir a presión da enchente no estómago dilatado. Fartou o corpo, pero non a ansia de engulir. Volveu experimentar a reiterada e frustrante convicción do desaxuste entre o adecuado e o apetecido, a permanente confrontación da conveniencia co antollo. Amainado o impulso depredador quedoulle o resaibo do goce no padal. Cristo, cos seus ollos mansos, mirouno con disimulo e condescendencia. Pedro revisou con avidez a pólax ateigadas e as nespras fungando darredor. Entón, vencido polo dente dixo:

— ¡Quen me dera ter dous estómagos, para comer outros tantos!

O Mesías conmoveuse con tan aberrante desexo. Ergueu o dedo cara o cénit repetindo o aceno co que adoitaba preceder as frases sentenciosas e dictaminou:

— Dous estómagos non; pero de hoxe en diante que dea dúas anadas. Así, amigo Simón, poderás deleitarte dúas veces sen perturbar o corpo que che deu Iahvé, teu Deus. Dende aquela, esa caste de figueira dá dúas anadas, unha no San Pedro e outra no outono coma todas. É a figueira de san Pedro.